

Anéctoda

"A semana pasada fun ao supermercado facer a compra semanal. Levaba o carriño case cheo cando me crucei cun veciño do edificio no pasillo dos lácteos. Paramos a charlar un momento e, cando me despedín e seguíñ camiño, decateime de que levaba o seu carriño en vez do meu. Xa ía polo pasillo dos conxelados cando vin que dentro había cousas que eu non collera: iogures de sabores raros e unha marca de manteiga que nunca compro. Tiven que volver atrás todo avergonzado a buscar o meu carriño. Por sorte, o meu veciño seguía alí co meu, rindo ás gargalladas. Agora cada vez que nos vemos no ascensor fai a broma de preguntar se levo o carriño correcto."